



Concello de Monterrei

EDICTO DE CORRECCIÓN DE ERROS

Logo de apreciarse un erro na cláusula 10 do Prego de cláusulas administrativas particulares que han de rexer a contratación das obra de Mellora de camiños municipais no Concello de Monterrei, financiada ao abeiro da Resolución do 15 de decembro de 2017, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, por procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, varios criterios de adxudicación, a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria urxente que tivo lugar o día 4 de xuño de 2018, acordou a modificación dos criterios de adxudicación da dita obra.

A dita modificación vén motivada porque o artigo 11 da citada resolución do 15 de decembro de 2017, establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deben incluír necesariamente o criterio do prezo, cunha ponderación mínima do 50% respecto do total.

A Xunta de Goberno Local, acordou:

Primeiro. Modificar a cláusula décima do dito prego, que queda redactada do seguinte xeito:

DÉCIMA. Criterios de adxudicación.

Para a valoración das ofertas máis vantaxosas atenderase a varios aspectos, e será a puntuación máxima alcanzable a de 20 puntos.

A. Criterios cuantificables, puntuaranse en orde decrecente:

1) Prezo ofertado, de 0 a 10 puntos. En función da proposición económica, as ofertas valoraránse ente 0 e 10, segundo a seguinte fórmula redondeándose ó segundo decimal.

$$PE = 10 * [Of_e / Of_i]^{1/10}$$

Sendo:

Of_i = Importe da oferta da que se quere determinar a puntaxe.

Of_e = Importe da oferta máis económica de tódalas admitidas.

2) Incremento prazo garantía, ata un máximo de 5 puntos: daráselle a máxima puntuación ao licitador que oferte o maior incremento do prazo de garantía e ao resto dos licitadores asignaráselle a puntuación que corresponda como consecuencia da aplicación da proporción correspondente á súa oferta.

Só se valorará a ampliación do prazo de garantía ata un máximo de 5 anos (é dicir, o prazo inicial de 1 ano máis 4 anos).

Se algunha oferta presentase maior prazo de garantía do previsto no parágrafo anterior, terá 0 puntos. No entanto, aínda que se puntúe con 0 puntos no caso de resultar adxudicataria, a empresa deberá cumprir o prazo de garantía máximo de 5 anos.

3) Redución prazo de execución, ata un máximo de 5 puntos: non se admitirán reducións de prazo superiores a un 50% e as que incorran nesta circunstancia terán 0

Concello de Monterrei



Concello de Monterrei

puntos. No entanto, aínda que se puntuán con 0 puntos as ofertas anteriormente indicadas, no caso de resultar adxudicatario deberán executar a obra co 50% de redución do prazo.

Tomaranse en consideración só as ofertas de redución de prazo que resulten debidamente xustificadas.

Puntuación máxima

Calcularase en primeiro lugar a diferenza entre os valores máximo e mínimo de redución de prazos, medidos en días naturais, que representen as ofertas consideradas.

A porcentaxe que signifique esta diferenza con relación ao prazo de proxecto servirá para fixar proporcionalmente o número natural máximo de puntos que se adxudicará por este concepto. Desta forma, para unha porcentaxe inferior ou igual ao 5% corresponderá un máximo de 1 punto; para unha porcentaxe superior ao 5% e inferior ou igual ao 10%, 2 puntos; e así sucesivamente, ata un máximo de 5 puntos.

Proceso de puntuación

Seguidamente, calcularase a media aritmética de todas as reducións de prazo en consideración.


Asignarase 1 punto ás proposicións que se axusten ao prazo de proxecto, un 80% da puntuación máxima adxudicable ás que iguallen a media aritmética anterior, e un 100% ás que signifiquen a redución máxima. Ás ofertas que representen reducións situadas no intermedio dos 2 tramos así configurados puntuaráselles proporcionalmente aos seus extremos de forma lineal.

Para este segundo proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimales, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan.

Outorgaranse 0 puntos a aquelas ofertas de redución de prazo que non se consideraron debidamente xustificadas.

Nos casos de proposición única presentada debidamente xustificada que non exceda do prazo sinalado en proxecto ou dun conxunto de proposicións que signifique diferenzas de prazo inferiores ao 5% daquel, cualificarase sempre con 1 punto.

Para ilustrar este proceso, incorpórase o seguinte gráfico:



Segundo: publicar esta corrección na plataforma de contratación del sector público do Ministerio de Hacienda y Función Pública e no perfil do contratante da páxina web do Concello de Monterrei, advertindo que o prazo de presentación de ofertas comezará a contar a partir da publicación desta corrección de erros na plataforma de contratación do Estado.

Monterrei, 4 de xuño de 2018

O alcalde

José Luis Suárez Martínez

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700